


DRACO



TrouSA

CONFIDENCIAL

**UNHA ETRAÑA ESCURIDADE APODÉRASE DA CIDADE,
DESPOIS DUNHA LONGA HIBERNACIÓN, TRAS DÉCADAS
DE CAOS E DESTRUCCIÓN, DRACO ESPÉRTASE DO SEU
LETARGO PARA DESCUBRIR UN NOVO MUNDO.
AMEAZANTES, DESCONFIADOS, CONTEMPLAN COAS
SÚAS ÚLTIMAS ENERXÍAS AS XENTES, AS RÚAS..., QUIZAIS
PREVINDO UNHA NOVA ERA, A QUE DARÁ PASO
A APOCALIPSE FINAL.
TREME..., HOXE DRACO CHEGA Á CIDADE...**



INFORMACIÓN XERAI



MODALIDADE

Espectáculo de rúa
itinerante, pasarúas.

DURACIÓN

45 minutos
de espectáculo

PERSOAL



Un actor zancudo
Un actor que manexa
ao Draco grande.
Un actor que manexa
ao Draco pequeno.



MATERIAL



Pequena
pirotecnia
e lanzamento de
Co2.



Animatronic e
movementos
robóticos reais e
luces leds.



Material
específico
dos animadores
(zancos, fachos,
auga de lume...)
vestiario
e caracterización.

SINOPSE

Pasarrúas con
tinguiduras apocalípticas,
futuristas e estética


Mad Max, onde
un vixiante e dous
dragóns elaborados
con material reciclado
e tracción a sangue,
percorrerán as rúas
nunha constante
provocación e
interacción co público.





NECESIDADES TÉCNICAS


TEMPO



Tempo de montaxe
e preparación:
3h



Duración do pasarúas:
45 M



Tempo da desmontaxe:
2h

CARGA E DESCARGA

Precisamos:

Un lugar onde facer a montaxe e a desmontaxe, libre de circulación de vehículos, de 5x5m.

Un lugar onde estacionar un pequeno camión carrozado próximo ao sitio de saída do pasarúas.

PERSOA RESPONSABLE

Precisamos:
unha persoa
responsable,
con capacidade
de decisión, dende a nosa
chegada ata a nosa
saída.

CAMERINOS

Precisamos:
Camerinos onde poder
descargar a roupa
e elementos dos
animadores (tambores,
zancos, maquillaxes...)
próximo ao lugar de saída
do pasarúas, con espazo
para tres persoas,
con espellos e augas.

ESTRUTURAS

O pasarúas inclúe un draco coas seguintes dimensións:


**DRACO 1:
2.50 M**



**DRACO 1:
3.00 M**

O pasarúas inclúe un draco grande coas seguintes dimensións:

DRACO 2:
1.80 M




DRACO 2:
7.00 M

CONDICIÓN DO ESPAZO DE ACTUACIÓN



O percorrido debe ser libre de obstáculos, de superficie lisa e sen demasiada pendente.



As dimensións das rúas deben permitir o paso do carro, e cunha lonxitude dun máximo de 600m.



No caso de choiva o pasarúas non poderá saír e se non chove pero o chan está moi mollado, por seguridade dos animadores, os zancudos non poderán saír con zancos.

* Outros

Este pasarúas precisa dun asistente durante o percorrido que proporcionaría a parte contratante.

* SERVIZO DE PROTECCIÓN CIVIL

No caso de esperar moita xente durante o pasarúas, ou se hai que pasar por algún tramo de rúa que sexa por estrada..., podería ser necesario que dúas persoas de protección civil a pé acompañasen o pasarúas para facilitar o seu desenvolvemento.

**...E..AO FIN TODO SE TORNA GRIS, ESCURO, E SÓ OS
DE CORAZÓN DE FERRO, ATRAPADOS NA SÚA COBIZA,
SERÁN CONDENADOS Á VIDA, NUN MUNDO NO QUE O
MELLOR SERÍA NON EXISTIR....**

